

O TURISMO CULTURAL. ANÁLISE DA OFERTA E DA DEMANDA EN MICHOACÁN (MÉXICO)

MARIANA GUDIÑO PAREDES
Tecnolóxico de Monterrei

Recibido: 28 de outubro de 2009

Aceptado: 6 de novembro de 2009

1. INTRODUCCIÓN

México é mundialmente coñecido, principalmente como un destino turístico de sol e praia. Porén, na actualidade o turismo cultural é visto como unha ferramenta que pode contribuír ao crecemento económico de moitas zonas do país e, desta maneira, converterse nunha forma de fomentar o desenvolvemento económico.

O turismo cultural podería desenvolver un papel moi importante para dar a coñecer, preservar e gozar o patrimonio cultural e histórico de México. Entre os efectos que pode xerar o turismo cultural, ademais da propia satisfacción do cliente que busca novas tipoloxías de turismo, atópanse a conservación do patrimonio de uso turístico e o desenvolvemento económico e social de moitos territorios, a partir da xeración de novos empregos.

Segundo datos da UNESCO¹, México conta con dez cidades declaradas patrimonio da humanidade –Campeche, Querétaro, Ciudad de México, Oaxaca, Morelia, Tlacotalpan, San Miguel Allende, Guanajuato, Puebla e Zacatecas– cun legado arqueolóxico que ascende a 30.000 sitios, dos cales só 173 están abertos ao público. México conta con 113.000 monumentos históricos, 1.105 museos e 559 teatros, ademais de cun pasado de tres mil anos que se reflicte na herdanza cultural dos mexicanos.

En México obsérvase unha fervente vocación relixiosa –principalmente católica– produto da conquista española. Como legado desta época, existen importantes monumentos arquitectónicos, como templos e antigos conventos. Ademais de todo o patrimonio cultural colonial, o legado prehispánico ofrece unha oportunidade excepcional para este tipo de turismo.

Dentro de México, o Estado de Michoacán deuse a coñecer como un dos principais destinos turísticos culturais do país grazas aos seus recursos naturais, ás súas tradicións e aos seus monumentos arquitectónicos, que lle permitiron destacarse e

¹ Pódese ver a lista de patrimonio mundial en <http://whc.unesco.org/pg,cpm?cid>

competir mesmo con destinos de sol e praia, que tradicionalmente son os que acaparan a maior afluencia turística en México.

Na actualidade búscase situar Michoacán como un Estado líder en turismo cultural. A existencia dun amplo patrimonio arquitectónico, histórico e cultural, converte a Michoacán nun destino atractivo no ámbito do turismo cultural do país.

O traballo organízase da seguinte forma: despois desta introdución, no segundo apartado descríbense algúns conceptos relacionados co turismo cultural, e expónse a rexionalización do turismo cultural en México no terceiro; no cuarto apartado analízase a oferta de turismo cultural en Michoacán, mentres que no quinto se analizan as características da demanda turística; por último, no sexto apartado expoñen unhas breves conclusións.

2. UNHA APROXIMACIÓN AO CONCEPTO DE TURISMO CULTURAL

O fenómeno do turismo cultural, malia non ter recibido recoñecementos específicos como tal por parte do sector turístico, existe moito antes de que o turismo se considerase como unha actividade importante no conxunto da economía. Un relevante número de viaxeiros que percorreron hai séculos Italia, Grecia, Exipto ou Terra Santa poden considerarse os pioneiros do que hoxe se entende por turismo cultural, xa que estas viaxes eran emprendidas polas clases ricas e privilexiadas, sendo a principal motivación a de visitar monumentos e cidades cunha rica herdanza cultural, e eran realizadas con fins de educación e de enriquecemento persoal.

Na crecente importancia do turismo cultural tamén desenvolveu un papel destacado unha clase urbana cun elevado nivel educativo e de renda, o que, unido ao interese por experimentar algo diferente do obtido nos destinos turísticos habituais e ao desexo de enriquecemento con novos contidos culturais, simbólicos, espirituais ou históricos, levou a desprazarse por este motivo a un número importante de turistas.

O turismo cultural é un proceso social que ten como elemento distintivo a referencia ao conxunto do proceso simbólico que se denomina “cultura”, así como aos seus produtos. O patrimonio cultural podería definirse como o conxunto de bens ou expoñentes naturais produto da actividade humana que nos documentan sobre a cultura material, espiritual, científica e histórico-artística de épocas que nos precederon e que, pola súa condición representativa do desenvolvemento da cultura, todos deberíamos conservar e dar a coñecer.

O patrimonio cultural dun país ou dunha rexión está constituído por todos aqueles elementos e manifestacións –tanxibles ou intanxibles– producidas polas sociedades como resultado dun proceso histórico onde a reprodución das ideas e do material se constitúen en factores que identifican e diferencian ese país ou rexión (Boullón, 2004).

3. REXIONALIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO TURISMO CULTURAL EN MÉXICO

O turismo non se distribúe no espazo de forma homoxénea ou aleatoria. Pola contra, a súa localización responde a factores relacionados coa contorna xeográfica, co clima, co patrimonio asociado e coa capacidade de acceso e interconexión entre os sitios turísticos dunha rexión determinada.

Existen diversos destinos –ou sitios específicos– que teñen unha alta importancia turística polo número visitantes que reciben, polo impacto económico e pola xeración de empregos. Entre estes atópanse as zonas arqueolóxicas, os museos, os santuarios e as misións, as cidades mexicanas patrimonio mundial, as cidades histórico-culturais, etc.

A distribución da actividade turística está organizada desde un plano rexional respondendo a factores xeográficos e climáticos, ao patrimonio asociado e á capacidade de acceso e interconexión entre os seus sitios turísticos. Como pode verse na táboa 1 e no mapa 1, en México defínense catro rexións que agrupan os Estados con características xeográficas, económicas, sociais e turísticas similares, que tamén teñen elementos comúns que permiten realizar análises puntuais para deseñar políticas para o desenvolvemento, a promoción e a comercialización do turismo relacionado coa cultura (Secretaría de Turismo, 2006).

Táboa 1.- Distribución da actividade turística en México

Rexión norte	Baja California, Baja California Sur, Chihuahua, Coahuila, Durango, Nuevo León, Sinaloa, Sonora e Tamaulipas
Rexión occidental	Aguascalientes, Colima, Guanajuato, Jalisco, Michoacán, Nayarit, Querétaro, San Luis Potosí e Zacatecas
Rexión central	Ciudad de México, Guerrero, Estado de México, Hidalgo, Morelos, Puebla e Tlaxcala
Rexión sur-sueste	Campeche, Chiapas, Oaxaca, Quintana Roo, Tabasco, Veracruz e Yucatán

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Secretaría de Turismo (SECTUR México).

Mapa 1.- Distribución por rexións da oferta turística en México



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Secretaría de Turismo (SECTUR México).

Dentro destas rexións, México ten atractivos que son demandados polas novas formas de turismo; en concreto, por aquelas que valoran máis o contacto coas culturas locais, coa natureza e coas vacacións de tipo vivencial.

4. OFERTA DE TURISMO CULTURAL EN MICHOACÁN


A oferta turística componse das organizacións que lles ofrecen bens e servizos aos turistas. Forman parte desa oferta unha ampla variedade de actividades: transporte, aloxamento, restauración, intermediación, servizos de apoio do sector privado, servizos de apoio do sector público e intermediarios, entre outras.

Neste contexto, o produto turístico defínese como aqueles produtos ofrecidos ao turista por cada unha destas organizacións. Con todo, ante a dificultade de cuantificar a oferta turística así definida, adóitase aproximar a través da actividade de aloxamento, e así o entenderemos neste traballo.

Segundo os datos da Secretaría de Turismo do Estado, no ano 2005 Michoacán contaba con 13.720 cuartos de hospedaxe de calidade turística en 441 establecementos rexistrados; dese total, unicamente o 4,5% ofrecíase en establecementos de cinco estrelas; un 21% ofertábase en establecementos de catro estrelas, sendo a maior porcentaxe, polo tanto, a correspondente aos establecementos de tres estrelas ou de categoría inferior.

Como pode verse na gráfica 1, con excepción do ano 2002, a evolución do número de establecementos foi positiva, o que se traduciu nun incremento medio anual de máis do 10% no número de prazas ofertadas, sendo o ano 2003 o de maior crecemento.

Gráfica 1.- Evolución dos establecementos de hospedaxe en Michoacán



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro da Secretaría de Turismo do Estado de Michoacán.


5. CARACTERÍSTICAS DA DEMANDA TURÍSTICA DE MICHOACÁN

Os datos dunha enquisa realizada no ano 2005 pola Secretaría Estatal de Turismo permítenos identificar o perfil do turista que visita o Estado de Michoacán. A continuación resúmense os principais trazos:

- Trátase de turistas novos. O 48% dos visitantes tiñan idades comprendidas entre os 25 e os 44 anos.
- A maior parte da demanda procede do mercado interno. A proporción de turistas mexicanos alcanza o 85% do total.
- Dos turistas procedentes do estranxeiro, un 63% ten a súa orixe nos Estados Unidos de América.
- A fórmula máis utilizada é a viaxe en compañía da parella (40%).
- Os turistas pasaron unha media de 4,55 noites en Michoacán. Este é un indicador fundamental para o turismo e en particular para os prestadores de servizos de hospedaxe.
- O transporte máis utilizado para chegar a Michoacán foi o automóbil privado (77%).
- Dentro dos motivos sinalados polos turistas para visitar Michoacán, o motivo “eventos culturais” obtivo un importante incremento nos últimos anos, e representa na actualidade o 40% do total.

Afondando un pouco máis na demanda turística do Estado, cómpre sinalar que os habitantes do Distrito Federal, pola súa proximidade, son os que máis frecuentemente visitan Michoacán, superando os 551.600 turistas ao ano, o que representa o 17,3%. A continuación sitúanse os procedentes de Jalisco, que representan o 12,7% do total, e os dos Estados de México e Guanajuato, de onde proceden o 8% e o 7,4%, respectivamente.

Gráfica 2.- Evolución do número de turistas no Estado de Michoacán



FONTE: Elaboración propia a partir da Secretaría de Turismo, Secretaría Técnica, Gobierno do Estado de Michoacán.

Os turistas estranxeiros proveñen principalmente, como xa se mencionou, dos Estados Unidos de América (62,6%). De Europa procede o 14,5%, de Centroamérica o 7,6%, de Sudamérica o 8,2% e do resto do mundo o 7,1%. Na gráfica 2 pode verse a positiva evolución rexistrada no número de turistas de Michoacán.

6. CONCLUSIONES

Tendo en conta os cambios rexistrados no comportamento da demanda turística, coa aparición de novas motivacións e de novas formas de gozar do tempo libre, o turismo cultural pode converterse nunha ferramenta fundamental para o desenvolvemento económico de importantes zonas xeográficas. Esta posibilidade pode ser aproveitada en México, que conta cun importante potencial en forma de recursos para captar o interese destes turistas.

Como exemplo do que acabamos de dicir, cómpre sinalar que no Estado de Michoacán o turismo se pode converter nun elemento dinamizador do patrimonio e das comunidades, xerando recoñecemento e creación de sentimento de orgullo comunitario, á vez que servirá para recuperar e divulgar o importante patrimonio do que dispón. O aproveitamento turístico xera recursos para a conservación do patrimonio histórico-artístico, beneficia ás comunidades receptoras, motiva ás comunidades para a xestión do seu patrimonio e crea conciencia do valor dos diferentes “patrimonios locais” entre os turistas.

O turismo cultural pode ser unha verdadeira alternativa para o desenvolvemento de Michoacán, un instrumento que permita aproveitar racionalmente os recursos culturais buscando un crecemento sostible a través dunha política que busque combater a marxinação dos pobos e das comunidades indíxenas do Estado.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, G. (2000): *México. Turismo y cultura*. México D.F.: Diana.
- BOULLON, R. (2004): *Planificación del espacio turístico*. 2ª ed. México: Trillas.
- DOGGET, L. (1993): “Multicultural Tourism Development Offers and New Dimension in Travel”, *Business America*, vol. 114, núm. 18, pp. 8-10.
- MÉXICO. INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA, GEOGRAFÍA E INFORMÁTICA (2005): *XI Censo General de Población y Vivienda, 2005. Estado de Michoacán. Resultados definitivos. Datos por localidad (integración territorial)*. México: Instituto Nacional de Estadística, Geografía e Informática.
- MÉXICO. SECTUR (2004): *El turismo en México*. México: SECTUR.
- OMT (2008): *Barómetro OMT del turismo mundial*, vol. 6, núm. 2, (junio). Madrid.
- RICHARDS, G. [ed.] (1996): *Cultural Tourism in Europe*. Wallingford: CAB International.
- PERFTUR (2008): *Perfil del turista que visita el Estado de Michoacán*. México: Tecnológico de Monterrey.
- UNESCO (2003a): *Convención para la salvaguardia del patrimonio cultural inmaterial*. París: UNESCO.

- UNESCO (2003b): “The Indigenous Festivity dedicated to the Dead”, *List of Masterpieces of Oral and Intangible Heritage of Humanity*. UNESCO.
- VEGA, F. DE LA (2003): “Patrimonio cultural y turismo”, *Congreso Iberoamericano sobre Patrimonio Cultural, Desarrollo y Turismo, CONACULTA*, cuaderno 6. Morelia.